

# PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO "OS ANIMAIS"



**CEIP JOSEFA ALONSO DE ALONSO (Matamá-Vigo)**  
**CURSO 2018-2019**

## **A.INTRODUCCIÓN**

### **1. CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

O Ceip Josefa Alonso de Alonso está situado na periferia da cidade de Vigo, Matamá. Trátase dun centro dunha soa liña, cunha matrícula de 124 discentes dos arredores. O claustro está formado por 17 docentes. Sempre participamos en proxectos de formación e de innovación educativa participando nun PFPP de xeneralización da aprendizaxe cooperativa. Lévanse a cabo diferentes “contextos de aprendizaxe” en cada aula na que se traballan pormenorizada mente todos os aspectos da aprendizaxe cooperativa.

No final do curso 17-18 a nosa mascota da biblioteca, Leonarda, propuxo unha serie de temáticas para traballar neste curso que xurdiran de cada titoría. Dese listado de temas fíxose unha campaña electoral no cole no que cada clase animaba aos demais a votar a súa proposta. Finalmente nas eleccións o alumnado decidiu por maioría tratar o PDI dos “Animais”.

### **B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS**

A partir das eleccións todas as titorías puxéronse mans á obra e elixiron o que querían traballar sobre os animais, quedando distribuído do seguinte xeito:

- Aula de 3 anos: “Animais da contorna”
- Aula de 4 anos: “Félix Rodríguez de la Fuente”
- Aula de 5 anos: “Non sexas animal”
- Aula de 1º E.P.: “Historias animaladas”
- Aula de 2º E.P.: “Animais de cine”
- Aula de 3º E.P.: “Animais en perigo de extinción”
- Aula de 4º E.P.: “Fauna de libro”
- Aula de 5º E.P.: “Os animais na TV”
- Aula de 6º E.P.: “Fabulistas na arte”.

## **OBXECTIVOS**

- Promover dende a biblioteca, coa colaboración de todas as persoas da comunidade educativa, proxectos e tarefas onde o alumnado a utilice como punto de referencia para a investigación.
- Formar ao alumnado no uso das novas tecnoloxías da comunicación e da información, proporcionando oportunidades de lectura en soporte dixital e de uso de ferramentas dixitais axeitadas a súa idade para potenciar o tratamento e o uso da información.
- Aprender a traballar en equipo valorando a importancia do intercambio comunicativo do grupo, a participación activa e o recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas.
- Incentivar a produción de actividades prácticas de comprensión lectora e de composición de textos, utilizando os propios recursos de biblioteca.
- Coñecer a través da biblioteca a clasificación dos animais, características, lugares onde viven, de que se alimentan, o seu coidado, e outras curiosidades sobre os animais.
- Achegar ó alumnado o coñecemento de historias, contos e libros con protagonistas animais e que amosan datos de interese sobre os mesmos.

## **COMPETENCIAS CLAVE**

- *Competencia lingüística:* Para fomentar e mellorar esta competencia fomentouse o traballo tanto de comprensión oral como escrita, tentando que o alumnado aprendera a seleccionar o máis importante, realizar esquemas, resumos, produción doutros textos que se precisen, exposicións, coloquios, busca de información e ampliación de vocabulario.

- *Competencia matemática e competencia en ciencias e tecnoloxía*: o alumnado familiarizouse con aplicacións de conceptos matemáticos, conceptos e procesos científicos, cálculo de tamaños, tempo, medicións, numeracións, ademais de promover situacións para a resolución de problemas da vida cotiá, así como, fomentar procesos de planificación e realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas.
- *Competencia dixital*: fomentouse a utilización das TIC mediante o emprego do ordenador e demais aparellos tecnolóxicos, tablets, proxectores... como medio para obter información e como ferramenta para a realización de vídeos, material fotográfico, presentacións dixitais, blog...
- *Aprender a aprender*: tratouse que o alumnado investigase (ideas previas, que queremos aprender, recollida de información, conclusións...) que tivera ansia por aprender e ampliar os seus coñecementos e que ademais adquira responsabilidades e compromisos persoais e confianza en si mesmo.
- *Competencias sociais e cívicas*: fomentouse o enriquecemento das relacións sociais, para favorecer situacións de diálogo e intercambio de opinións en pequeno e gran grupo, respectando o traballo dos demais e a colaboración/cooperación no traballo conxunto.
- *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*: a través de creacións propias, individuais ou de equipo, deseñando propostas e levándoas a cabo en exposicións e visitas para ver os traballos relacionados co proxecto.
- *Conciencia e expresións culturais*: elaboración e decoración a través de talleres coa temática do proxecto dos animais.

### **C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**

**Xuño 2018:** O primeiro paso foi decidir nas aulas os temas que suxerían para facer a elección do PDI. Unha vez aportados os temas por cada aula, realizouse unha campaña electoral na que o alumnado de cada aula se caracterizaba ou elaboraba lemas para convencer ao resto de alumnado de que votasen o tema da súa aula. En segundo lugar fixéronse as votacións saíndo como tema elixido “Os animais”.

Unha vez decidido o tema deuse a coñecer o resultado das votacións entre o alumnado e o profesorado.

**Setembro 2018:** o longo do mes de setembro deixouse un listado na sala de mestres para que cada titoría engadise o nome do proxecto que ía desenvolver na súa aula sobre os animais xurdidos os mencionados no apartado B.

De seguido cada titoría iniciouse nas actividades a realizar sobre a temática elixida pedindo ao alumnado materiais, buscando familias que aportasen obradoiros sobre o tema, contacontos sobre animais, posibles saídas didácticas...

Dende a biblioteca procurouse dotar ás aulas dos libros necesarios para a busca de información.

**Todos os meses:** propuxéronse obradoiros de patios sempre partindo dun libro e procurando que a temática fose dos animais. Tamén no club de lectura fixéronse lecturas de libros nos que o protagonista era animal ou tiñan un papel importante. Dotouse á biblioteca de novo material bibliográfico sobre esta temática e propuxéronse actividades de cara á comunidade educativa relacionadas co tema.

#### **D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO**

- Carteis para a realización das reunións de club de lectura e obradoiros dos patios.
- Creación de entradas no blog sobre as actividades realizadas.

- Creación de entradas no blog sobre curiosidades de animais.
- Circulares informativas para docentes e familias.
- Enquisas para alumnado, profesorado e familias.
- Cartas da mascota da biblioteca.
- Busca do tesouro para a formación de usuarios.
- Selección de libros das efemérides e dos animais para as titorías.
- Vídeos de todas as actividades realizadas.
- Teatro de sombras (Don Quijote de la Mancha).
- Elaboración de kamishibai (Antón Fraguas, Pez Arcoiris, A mazá que quería ser estrela).
- Murais de siluetas de animais.
- Pratos das caras dos animais.

**E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS  
AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.**

**Curso:** 4º EI                    **Tema:** “Animais da contorna”

**Actividades:**

- Kamishibai do conto “Peixe Arcoiris”.
- Coas familias elaboración dun “Abecedario de Peixes”.
- Obradoiro de cetrería na semana cultural.
- Saída ás Fragas do Eume.
- Saída ás Illas Cíes.

**Curso:** 5º EI                    **Tema:** “Félix Rodríguez de la Fuente”

**Actividades:**

- Contacontos “Os nosos bosques”.

- Visualización dun capítulo de “Félix Rodríguez de la Fuente incidindo na música.
- Investigación cas familias sobre a figura de Félix e posta en común.
- Diferenzas entre a antiga televisión e a moderna.
- Visualización dunha entrevista a Félix.
- Na revista escolar fíxose un paralelismo entre o concepto de amizade para o alumnado e o que tiña el cos animais.
- Participación no obradoiro “Yaracán” con cans que traballan con persoas discapacitadas.
- Obradoiro de cetrería na semana cultural.
- Saída ás Illas Cíes.

**Curso:**6º EI                   **Tema:**“Non sexas animal”

**Actividades:**

- Dramatización do conto “Garavanciño” e “Os Chibos chibóns”.
- Creación dun recuncho de contos sobre o PDI.
- Teatro de sombras feito pola familia dun discente: “Rosa, a vaca agarimosa”.
- Gravación de contos encadeados.
- Contos cooperativos sobre seres mitolóxicos.
- Participación no obradoiro “Yaracán” con cans que traballan con persoas discapacitadas.
- Obradoiro de cetrería na semana cultural.
- Construción na horta escolar dun “hotel de bichos”.
- Saída á Granxa escola Serantellos.
- Saída ás Illas Cíes.

**Curso:**1º EP                   **Tema:**“Historias animaladas”

**Actividades:**

- Creación dun libro sobre historias de animais inventadas polo alumnado.
- Visualización da película “Kirikú e a bruxa”. Investigación e exposición oral sobre os animais da mesma.
- Investigación dos animais do conto “A que sabe a lúa?”. Manualidade sobre as fases da lúa sobre este conto.
- Skype con un centro escolar de Riccione (Italia) no que se expuxeron os animais das Illas Cíes ademais de monumentos típicos da cidade de Vigo.
- Elaboración dunha receita de renos con queixiños polo Nadal.
- Disfraces de animais da granxa sobre o conto Lobo Feroz.
- Gravación de adiviñas sobre animais do conto “ABC adivinanzas de animales”.
- Lectura do conto de Nadal “Os bonobos con lentes”.
- Contacontos en francés “Pourquioi la girafe a un long cou?” e “Les bons amis”.
- Obradoiro de cetrería na semana cultural.
- Saída o Centro de Interpretación das Illas Atlánticas.
- Construción na horta escolar dun “hotel de bichos”.
- Saída ás Illas Cíes.

**Curso:**2º EP            **Tema:**“Animais de cine”

**Actividades:**

- Lectura do conto de Nadal “O lobo con botas”.
- Lectura grupal “O meu primer principiño”.
- Skype con Riccione na actividade “Amico di pena”.
- Contacontos en francés “Pourquioi la girafe a un long cou?” e “Les bons amis”.
- Elaboración dun telexornal animal co IPAD.



-Participación no obradoiro “Yaracán” con cans que traballan con persoas discapacitadas.

-Obradoiro de cetrería na semana cultural.

-Saída o Centro de Interpretación das Illas Atlánticas.

-Construción na horta escolar dun “hotel de bichos”.

-Saída ás Illas Cíes.

**Curso:**3º EP                   **Tema:**“Animais en perigo de extinción”

**Actividades:**

-Lectura de Nadal “Kusuma” e visita do autor.

-Contacontos en francés “Pourquioi la girafe a un long cou?” e “Les bons amis”.

-Participación no obradoiro “Yaracán” con cans que traballan con persoas discapacitadas.

-Obradoiro de cetrería na semana cultural.

-Saída o Centro de Interpretación das Illas Atlánticas.

-Saída ás Illas Cíes.

**Curso:**4º EP                   **Tema:**“Fauna de libro”

**Actividades:**

-Lectura de nadal “Kusuma” e visita do autor.

-Teatro de Nadal realizada polo alumnado: “A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza”.

-Co libro “Platero y yo” elaboración dun cómic dunha aventura de Platero.

-“Don Quijote de la mancha” traballouse a comprensión e co libro “Cabalgando entre versos” traballouse a poesía.

-Co libro “Adiós cordera” traballouse a lectura en voz alta e a descrición tanto da súa mascota como de Cordera.

-Para a revista escolar fixeron “Diario D” explicando a afición segreda de cada personaxe dos contos anteriores e “Moby Dick”.

-Participación no obradoiro “Yaracán” con cans que traballan con persoas discapacitadas.

-Obradoiro de cetrería na semana cultural.

-Saídas ás Fragas do Eume.

-Construción na horta escolar dun “hotel de bichos”.

-Saída ás Illas Cíes.

**Curso:**5º EP

**Tema:**“Os animais na TV”

**Actividades:**

-Obradoiro familiar dunha nai veterinaria que falou da importancia de coidar aos animais, amosou radiografías e analizáronse sustancias observadas co microscopio.

- Obradoiro dun pai apicultor co que aprenderon todas as ferramentas e costumes das abellas.

-Participación no obradoiro “Yaracán” con cans que traballan con persoas discapacitadas.

-Obradoiro de cetrería na semana cultural.

-Saída ás Illas Cíes.

**Curso:**6º EP

**Tema:** “Fabulistas na arte”

**Actividades:**

-Traballáronse as fábulas de Samaniego. Con imaxes das fábulas fixéronse rutinas de pensamento Que vexo?, que penso?, que me pregunto?

-Participación no obradoiro “Yaracán” con cans que traballan con persoas discapacitadas.

-Obradoiro de cetrería na semana cultural.

-Saída ás Illas Cíes.

### **ACTIVIDADES COMÚNS REALIZADAS DENDE A BIBLIOTECA**

-Contacontos “Os nosos bosques”.

-Contacontos en francés de animais.

-Skype con Riccione (Italia).

-Exposición de manualidades feitas polas familias sobre un conto de protagonista animal.

-Teatro de sobras “Don Quijote de la Mancha”.

Saída: cine Salesianos “El malvado zorro feroz”. -Obradoiros dos patios:

“Pintando coas mans” (pintáronse siluetas de animais coas pegadas das mans).

“Pintando pratos” (pratos de cartón con caras de animais).

-Club de lectura con protagonistas animais “Palabras de caramelo”, “O principíño” “Me llamo Charles Darwin”.

-Os axudantes da biblioteca crearon entradas no blog sobre curiosidades de animais.

-Presentación do libro disco “A voar” de Cé Orquestra Pantasma.

### **F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.**

●**Recursos persoais:** contouse con todo o persoal docente, coas familias implicadas na realización dos contacontos, obradoiros, exposición de manualidades; tamén con entidades externas como Yarácán, Rapaces do Salnés, Scuola Secondaria di 1º grado “San Lorenzo” de Riccione, Teatro cine Salesianos, Centro de interpretación Illas Atlánticas, Granxa escola Serantellos.

●**Recursos materiais:** empregáronse os materiais habituais da escola, tamén elementos como pratos de cartón para o obradoiro da biblioteca. Ordenadores

para a investigación, IPAD para o emprego de app como Touchcast e a gravación en vídeo das actividades. Empregáronse mesas polos corredores para a exposición do día do libro, un teatriño para a representación de “Don Quijote de la Mancha” en teatro de sombras e un kamishibai para representar diversos contos.

●**Fontes consultadas:** diversas webs ademais dos libros da biblioteca.

- El pez Arcoiris, Marcus Pfister, Ed. Beascoa.
- Abejas, Piotr Socha, Ed. Maeva young.
- Os nosos bosques, Diego García/Judith Santos, Ed. Miudiño.
- Garavanciño, Olalla González/Marc Taeger, Ed. Kalandraka.
- Chibos chibóns, Olalla González, Ed. Kalandraka.
- Rosa, a vaca agarimosa, Martinho Terrafría, Urco ediciones.
- A que sabe a lúa?, Michael Grejniec, Ed. Kalandraka.
- Abc adivinanzas de animales, Sigrid Martínez, Ed. Beascoa.
- A historia dos bonobos con lentes, Adela Turín/ Nella Bosnia, Ed. Kalandraka.
- Pourquoi la girafe a un long cou?, Albena Ivanovitch-Lair/ Maur Legrand, Ed. Père Castor.
- Les bons amis, Paul Francois, Ed. Père Castor.
- O lobo con botas, El Hematocrítico, Ed. Xerais.
- O meu primer principiño, Antoine de Saint-Exupery, Ed. Bruño.
- Kusuma, Hector Cajaraville, Ed. Anaya.
- A toupíña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza, Werner Holzwarth, Ed. Kalandraka.
- Platero y yo contado a los niños, Juan Ramón Jiménez (adaptación de Rosa Navarro), Ed. Edebé.

- Las aventuras de Don Quijote de la Mancha, Miguel de Cervantes, Ed. Alfaguara.
- Don Quijote cabalga entre versos, Antonio A. Gómez, Ed. Everest.
- Adiós, cordera adiós, Clarín, Ed. Gavota.
- Moby Dick, Herman Melville, Emu ediciones.
- Fábulas de Samaniego, Ed. Susaeta.
- Pinta con las manos los animales, Maïte Balart, Ed. San Pablo.
- Palabras de caramelo, Gonzalo Moure, Ed. Anaya.
- O principião, Antoine de Saint-Exupery, Ed. Galaxia.
- Me llamo Charles Darwin, Lluís Coguta Mateu/Teresa Martí Jover, Ed. Parramón.

## **G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

A implicación de toda a comunidade foi máxima xa que participaron todo o profesorado así como tamén todo o alumnado do centro e as familias.

As familias son un elemento fundamental no proxecto e polo tanto a súa participación e implicación foi moi positiva, na lectura de diferentes contos, na realización de manualidades sobre un conto relacionado coa temática animal, obradoiros de apicultura e veterinaria, este último cos alumnos de 5º de primaria.

Por outra banda a implicación do profesorado resulta un pilar fundamental, xa que dende a súa incorporación ao centro procuramos que participe activamente na dinámica do centro e nas distintas actividades explicadas no apartado E.

Algúns discentes participaron o longo do curso como axudantes de biblioteca e eles no blog da biblioteca creaban entradas con curiosidades dos animais.

## H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Todos os traballos realizados ao longo do noso proxecto foron recollidos en diferentes “libros” e murais confeccionados polo alumnado que permaneceron expostos no recibidor do centro e no edificio das aulas así como tamén nas propias aulas, onde toda a comunidade educativa podía ter acceso en calquera momento escolar, e na revista escolar, onde participaron na súa confección todo os cursos e as coordinacións do centro. Do mesmo xeito, tódalas fotos, vídeos, montaxes artísticas... atópanse aloxados na páxina web do centro e no blog da biblioteca.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/168>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/177>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/175>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/179>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/191>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/195>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/213>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/202>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/200>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/198>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/222>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/225>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/230>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosefaalonso/?q=node/231>

<http://normalizacionebiblioteca.blogspot.com/2019/05/sabias-que-os-ornitorrincos.html>

<http://normalizacionebiblioteca.blogspot.com/search/label/Mario%20Abalde%20Rodr%C3%ADguez>

<http://normalizacionebiblioteca.blogspot.com/search?updated-max=2019-04-02T20:14:00%2B02:00&max-results=7&start=7&by-date=false>

<http://normalizacionebiblioteca.blogspot.com/2019/03/cinco-animais-marinos-mais-perigosos-do.html>

<http://equipodasmansalzadas.ceipjosefaalonso.com/?p=160>

## **I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS**

Os resultados obtidos co desenvolvemento do proxecto foron moi positivos.

Nas diferentes reunións realizadas co claustro avalíouse o proxecto e o seu desenvolvemento ó longo do curso sendo valorado moi positivamente entre todo o profesorado xa que a temática permitiulles traballar as investigacións, exposicións orais, comprensión lectora, razoamento lóxico e outros moitos aspectos curriculares sempre baseados nun centro de interese por parte do alumando como son neste caso os animais.

O alumando avalíouse principalmente a si mesmo a través do “Caderno de equipo” empregado nos grupos cooperativos. Foron avaliados nas aulas a través dos diferentes instrumentos de avaliación presentes nas programacións didácticas de cada titoría. Dende a biblioteca, o desenvolvemento do proxecto foi avaliado a través dunha enquisa enviada ó profesorado e outra para o alumando.

Dende o equipo directivo enviouse unha enquisa ás familias avaliando positivamente todas as actividades levadas a cabo dende a biblioteca.

Como proposta de mellora incluimos darlle unha maior difusión ao vindeiro proxecto ao comezo do curso para poder contar con máis obradoiros por parte das familias, e que tan enriquecedores resultan sempre.

## **J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO**

A biblioteca funcionou durante todo o curso como o eixo principal para o desenvolvemento do PDI dos animais. Primeiramente xurdiu este tema a partir das eleccións desenvolvidas na mesma de xeito democrático por parte de todo o alumando.

A biblioteca forneceu a todas as titorías cos libros que precisaron para levar a cabo as actividades pensadas para o seu alumnado, así como de dotar de novo material para cubrir as necesidades de todos e todas.

Serviu de centro de exposicións no día do libro para as manualidades realizadas polas familias sobre un conto de protagonista animal, tamén foi escenario para os contacontos e representacións teatrais en diversas versións, skype con Riccione, emprego para a realización de investigacións nos ordenadores, encontros con autores, reunións do club de lectura e taller para a execución dos obradoiros dos patios.

No expositor da biblioteca colocáronse todas as novidades adquiridas tanto en libros como DVDs sobre animais que se mercaron a partir do proxecto.